

ANUNCIO

O día 19/06/2026 ditouse a seguinte Resolución con número 393/2026:

“RESOLUCIÓN

EXPEDIENTE: ASIGNACIÓN DA DIRECCIÓN DO CMUS DE MELIDE MEDIANTE ATRIBUCIÓN TEMPORAL DE FUNCIONS A ROSA MARÍA V.A.

EXPEDIENTE: 2026/X999/000091

(...)

En virtude das facultades que me outorga a lexislación aplicable, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: Solventar as discrepancias expostas no informe de reparo da Intervención Municipal, postas de manifesto no informe conxunto desfavorable da Técnica de Administración Xeral, o secretario accidental e a interventora municipal de data 18/06/2026 que leva por asunto: “ASIGNACIÓN TEMPORAL DAS FUNCIONS DE DIRECCIÓN DO CONSERVATORIO MUNICIPAL” (Expdes.: 2026/X999/000040, 2026/X999/000091”). Esta decisión fundaméntase no informe proposta da Concelleira de Educación de data 16/06/2026, que deixa constancia de que o inspector do CMUS Profesional de Melide, tras a súa inspección do 9 de xuño de 2026, advertiu que as cualificacións deben estar asinadas pola Dirección do centro non máis tarde do 30 xuño de 2026, correndo perigo a continuidade do centro en caso contrario. Dado que o estado de tramitación do expediente administrativo en curso impide cumprir co dito prazo, acudíuse ao criterio obxectivo de atribuírle temporalmente as funcións de dirección do Conservatorio a Rosa M^a V.A. por obter a maior puntuación no proceso de estabilización do emprego temporal de longa duración do exercicio 2024, sendo que a citada traballadora cumpre co requisito de titulación esixido pola inspección para impartir docencia no centro, ao contar co título de profesora de grao medio de música na especialidade de violín. Por todo o exposto, ao tratarse dunha necesidade urxente que debe resolverse coa máxima celeridade por estritas razóns de interese público, dispónse levantar, en consecuencia, o devandito reparo formulado pola Intervención Municipal.

SEGUNDO: atribuír temporalmente as funcións de dirección do CMUS Profesional de Melide a Rosa María V.A. con DNI ***1470**, persoa que obtivo a maior puntuación no proceso de estabilización, en tanto non resolva o procedemento administrativo tramitado como expediente 2026/X999/000040 e, en todo caso, polo prazo máximo legal permitido de 6 meses.

TERCEIRO: Recoñecer a Rosa María V.A. o dereito a percibir as diferenzas retributivas derivadas do desempeño das funcións de superior categoría. Deste xeito, mentres dure a atribución temporal de funcións da dirección do CMUS Profesional de Melide, a traballadora percibirá a diferenza entre as retribucións asignadas ao posto de dirección e as correspondentes ao seu posto de traballo actual.

CUARTO: notificar o presente acordo a Rosa María V.A.

QUINTO: dar traslado do presente acordo ao CMUS Profesional do Concello de Melide.

SEXTO: publicar o presente acordo na sede electrónica do Concello de Melide para xeral coñecemento.

Ordeno e asino en Melide, venres 19 de xuño de 2026. Asdo: O alcalde / José Manuel Pérez Penas. Do que o secretario acctal. da fe. Asdo: O secretario acctal. / Jesús Manuel Cea Vázquez.”

O que se publica para xeral coñecemento.

Melide, venres 19 de xuño de 2026. Asdo: O secretario acctal. / Jesús Manuel Cea Vázquez.